

REGULAMENTO DO X DÚATLON “ELEUTERIO BALAYO” CONCELLO DE MUROS NO QUE SE INCLÚE A PROBA SUPERSPRINT “CIRCUÍTO SÚPER SPRINT” CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA CD/XV/JN E A PROBA SPRINT POPULAR

Artigo 1. Organizan

1. Concello de Muros con enderezo no Curro da Praza, 1, 15250 Muros, A Coruña e número de teléfono 981 762 294.
2. Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno (FEGATRI) con enderezo na rúa Castelao, 21, 27001 Lugo e número de teléfono 982 251 345.

Artigo 2. Colaboran

- Policía Local de Muros
- Protección Civil de Muros
- Garda Civil de Muros
- GES Muros
- Secretaría Xeral para o Deporte
- Universidade de Santiago de Compostela

Artigo 3. Localización da proba

- a) Saída: porto de Muros
- b) Zona de transición: porto de Muros
- c) Centro de información e control da proba: casa do Concello de Muros
- d) Zona de aparcamento recomendada: parque empresarial de Muros

Artigo 4. Data

Sábado, 18 de abril de 2026

Artigo 5. Horarios

5.1. Horarios: “Circuíto Súper Sprint” Súper sprint Campionato Xunta de Galicia

Horario	Acto
13.30 a 14.15	Recollida de dorsais
13.30 a 14.30	Control de material
14.35	Cámara de chamadas

Horario	Acto
14.45	1ª saída masculina
14.45	JNM (júnior masculino)
14.46	XVM (xuvenil masculino)
14.47	CDM (cadete masculino)
14.53	1ª saída feminina
14.53	JNF (júnior feminino)
14.54	XVF (xuvenil feminino)
14.55	CDF (cadete feminino)
15:00	Saída Inclusiva
15.40	Hora estimada remate da proba
15.45 (aproximado)	Entrega de premios

5.2. Horarios: proba sprint popular

Horario	Acto
15.30 a 16.30	Recollida de dorsais
16.00 a 16.45	Control de material
16.50	Cámara de chamadas
17.00	Saída
17.00	Saída masculina
17:02	Saída feminina
18.45	Hora estimada de remate da proba
18.45 (aproximado)	Entrega de premios

5.3. Acceso á zona de transición e entregas de dorsais

Será obrigatorio identificarse con licenza, DNI ou documento oficial con foto.

Artigo 6. Distancias

Categoría	Carreira a pé 1	Ciclismo	Carreira a pé 2
Súper sprint	2 km (2 voltas)	8 km (2 voltas)	1 km (1 volta)
Sprint	5 km (3 voltas)	20 km (4 voltas)	2,5 km (2 voltas)

Artigo 7. Participantes e categorías

7.1. Proba súper sprint

- Número máximo de prazas: 200
- Licenzas: deportistas con licenza de triatlón da temporada en vigor das seguintes categorías:

Categoría	Anos de nacemento	Prazas reservadas por categoría e xénero*
Cadete	2011 - 2012	34(F)/50(M)
Xuvenil	2009 - 2010	27(F)/41(M)
Júnior	2007 - 2008	21 (F)/27(M)

* Ata as 10.00 do 11 de marzo de 2026

7.1. Proba sprint popular

- Número máximo de prazas: 150
- Licenzas: todas as persoas deportistas nadas no ano 2010 ou nos anos anteriores, con licenza de triatlón da temporada en vigor, que tramiten a licenza temporal de 1 día da FEGATRI.

Categoría	Anos de nacemento	Prazas reservadas por xénero*
Absoluta	2010 e anteriores	75(F) / 75(M)

* Ata as 10.00 do 11 de marzo de 2026

Artigo 8. Servizos e instalacións

- Local para organización e cronometraxe: porto de Muros
- Recollida de dorsais e garda roupa: casa do Concello de Muros
- Duchas: Piscina Municipal de Muros

Artigo 9. Inscricións

Abriranse as inscricións do 9 de marzo de 2026 ás 10.00 ao martes, 14 de abril ás 14:00 h., a través da plataforma da Federación Galega de Triatlón.

9.1. Proba súper sprint: “Circuíto Súper Sprint” Campionato Xunta de Galicia Súper Sprint

- Limitada a 200 participantes das categoría cadete/xuvenil/júnior
- Reservas: prazas para cada xénero en función da categoría (artigo 7)
- A reserva de prazas por xénero e categoría estará activa ata as 10.00 do 11 de marzo de 2026. A partir desta data, poderán ser ocupadas indistintamente ata completar o límite de prazas.
- Prezo: Gratuíta
- Regulamento: Regulamento Circuíto Súper Sprint

9.2. Proba sprint: popular

- Limitada a 150 participantes
- Reservas: 75 prazas para cada xénero
- A reserva de prazas por xénero estará activa ata ás 10.00 do 11 de marzo de 2026. A partir desta data, poderán ser ocupadas polo outro xénero ata completar o límite de prazas.
- Prezo: 18,00 €
- A organización resérvase 10 prazas a maiores das 150 ofertadas.

9.3. Prazos de inscrición

- a) Proba súper sprint: “Circuíto Súper Sprint” Campionato Xunta de Galicia
 - Do 9 ao 11 de marzo: inscrición reservada ás prazas por xénero de cada categoría cadete, xuvenil e júnior.
 - Do 11 de marzo ao 14 de abril: inscrición libre de deportistas ata completar as prazas
- b) Proba popular sprint
 - Do 9 ao 11 de marzo: inscrición reservada a 75 prazas por xénero.
 - Do 11 de marzo ao 14 de abril: inscrición libre de deportistas ata completar as prazas

9.4. Procedemento de inscrición

a) Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en competicións/inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e a contrasinal.

b) Deportistas con licenza de triatlón

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

c) Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados):

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

Será imprescindible, para que a inscrición das persoas que non posúan licenza de triatlón en vigor sexa válida, enviar:

- A copia do DNI en vigor á Federación Galega de Triatlón fegatri@hotmail.com a través da plataforma de inscricións.

9.4.1. Baixas e devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se farán devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas, que non se axusten ao regulamento, (falta de documentación rematado o prazo de inscrición) serán anuladas e non se farán devolucións.

9.4.2. Publicación da lista de persoas inscritas

a) Lista provisional

O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na lista se dea algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se houberse algún erro.

b) Lista definitiva

O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

c) Lista de agarda

Esgotadas as prazas en calquera das saídas, abrírase unha lista de espera que se xestionará tal e como se especifica en cada caso:

- Proba súper sprint: "Circuíto Súper Sprint" Campionato Xunta de Galicia

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo en cada categoría xestionarase de acordo ao punto 7 do presente regulamento, ata o remate de cada prazo de inscrición. ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 do mesmo día. A última incorporación farase o 14 de abril ás 14.00.

- Proba popular sprint

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo e ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 do mesmo día. A última incorporación farase o 14 de abril ás 14.00.

Artigo 10. Premios

10.1. Proba súper sprint: "Circuíto Súper Sprint" Campionato Xunta de Galicia

Entrega das medallas/trofeo ás tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría e sexo e a cada participante que remate na categoría inclusiva e aos tres primeiros clubs.

10.2. Proba sprint popular

- Primeira/o clasificada/o: 200,00 €*
- Segunda/o clasificada/o: 100,00 €*
- Terceira/o clasificada/o: 50,00 €*

* Aplicarase a correspondente retención do IRPF

Entregaranse medallas/trofeo ás 3 primeiras persoas clasificadas (masculina e feminina).

A entrega de trofeos realizarase aproximadamente 30 minutos despois de facer a entrada en meta o/a derradeiro/a clasificado/a. Segundo o "Artigo 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI. Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25,00 € e 50,00 € respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

Artigo 11. Contacto

- Dúatlon “Eleuterio Balayo” Concello de Muros
- Enderezo electrónico: damian.torea@muros.gal
- Inscripcións: <https://fegatri.org/probas-regulamento/>
- Páxina web: duatlon.muros.gal
- Facebook: [@murosduatlon](https://www.facebook.com/murosduatlon)
- Persoa de contacto: Damián Torea García
- Teléfono de contacto: 981 762 294

Artigo 12. Planos do circuío

12.1. Proba supersprint: “Circuíto Súper Sprint” Campionato Xunta de Galicia

a) Carreira a pé



b) Ciclismo



10.2. Proba sprint popular


a) Carreira a pé (1)



b) Ciclismo



c) Carreira a pé (2)



Artigo 13. Regulamento e normativas

A proba rexeráse polas normativas vixentes do regulamento oficial de competición da Federación Española de Triatlón (FETRI) e Federación Galega de Triatlón (Fegatri)

[Regulamentos 2026 FETRI/FEGATRI](#)

Artigo 14. Normativa xeral

14.1. Procedemento de saídas

Dez minutos antes do comezo da saída, as persoas deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas e irán avanzando cara aos caixóns de presaída segundo llo vaian indicando os oficiais.

14.2. Chegada á meta

Unha vez que as persoas participantes pasen a liña de meta, dirixiranse á zona próxima de postmeta, onde depositarán os seus chips nos recipientes habilitados, pasarán a avituallarse e saír da zona de postmeta para dirixirse á transición a recoller a súa bicicleta segundo as indicacións dos oficiais e do persoal de organización.

14.3. Recollida de dorsais e chips de cronometraxe

No local da organización, o día da proba, dende as 13.30 h ata media hora antes de cada saída.

14.4. Gardarroupa

Será xestionado pola organización na zona próxima á entrega de dorsais.

14.5. Avituallamento

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de postmeta.

14.6. Reunión técnica

Publicarase online o xoves antes da proba, na páxina web da FEGATRI, toda aquela información técnica que non veña xa recollida neste regulamento.

14.7. Plan de seguridade

a) Datos do seguro de accidentes

A proba conta cun seguro de responsabilidade Civil Nº DA R11 237 que o organizador, Concello de Muros ten contratada coa compañía **Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros, e as de accidentes (ASISA Nº 76325 e (SURNE Nº 20221220319109)** que cubre a través do Seguro Deportivo Obrigatorio aos e ás deportistas, adestradores e oficiais participantes na proba, a través da licenza subscrita na Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno. As pólizas de accidentes e protocolos de actuación poden consultarse na seguinte ligazón <https://fegatri.org/federacion/seguro-deportivo/>

b) Ambulancia: A ambulancia asistencial estará situada na zona de saída ou transición.

c) Médico

d) Vehículos. Control da carreira.

- Policía Local
- Garda Civil
- GES (Grupo de Emerxencias Municipais)
- Protección Civil de Muros
- Motocicletas, para abrir e pechar circuito, acompañamento e control de carreira no sector ciclista por parte dos oficiais.
- Bicicleta para abrir/pechar o sector de carreira a pé e control de oficiais.

c) Voluntariado

- Persoas voluntarias baixo orde da organización para entrega de dorsais, cubrir puntos de retorno, contavoltas, axuda en xeral
- Persoas voluntarias de protección civil para cubrir cruces e controlar plan de seguridade
- Persoas voluntarias con motos para seguimento sector ciclista
- Protección Civil de Muros